

Edna Paisano

(Nez Percé, Sweetwater, Idaho, 1948-)



Matemática-estadística de orixe india norteamericana.

Estudou en Washington Traballo Social e reflexionou sobre o poder da estadística como ferramenta para mellorar a situación do seu pobo.

En 1976 foi encarcerada por tratar de persuadir ao goberno dos EUA para devolverlle á comunidade india americana, o Fort Lawton, que era legalmente unha propiedade india.

É a primeira muller india que obtén un posto na administración. A partir de 1980 traballa na oficina do censo dos EUA en temas relacionados coa comunidade india nativa de Alaska. Neste traballo descobre que nos censos hai lugares xeográficos que non se teñen en conta, polo que a distribución dos fondos públicos estaba baseado en censos falseados.

Edna Paisano utilizou modernas técnicas estadísticas para mellorar a calidade dos censos e, mediante grandes esforzos en áreas moi relevantes das Matemáticas como programación de ordenadores, demografía e estadística, e coordinando diversas campañas de información pública, puxo de manifesto ante a sociedade americana a importancia da recollida de datos.

Estes esforzos foron realmente produtivos, e en 1990 o censo recollía un incremento do 38 % da comunidade india americana residente nos Estados Unidos.